

LEMBRANDO A NOSA MOCIDADE EN MOECHE:
falcatruadas da xuventude e outras diversións



Foto cedida por Emilia Cereijo. Emilia con amigos na estrada de Abade.

¿Cómo non íamos a pasalo ben, lembra Luís, se éramos tantos, que unha vez saímos da taberna de Vila, en Labacengos, dezaioito mozos xuntos e todos máis ou menos da mesma idade, rumbo á festa de S. Xurxo?

E así, aparte das festas, feiras e outros eventos, os mozos (que non as mozas, cuxa principal misión era a de ser modosiñas), a todas as horas sedentos de diversión, argallábamos continuamente formas de pasalo ben, que ademais saían gratis. ¿E qué maior diversión que unha boa broma pesada a costa de outro ser humano?

Pois claro, cando nas noites de taberna nos xuntábase un rabaño de mozos, non habendo televisión nin coches para saír, ¿qué íamos facer senón tramar travesuras e falcatruadas que tiñan a outras persoas (e algunhas parecía que se prestaban adrede) como obxecto?

¿Qué ben o temos pasado, por exemplo, sen ir máis lonxe, roubando a froita nas hortas dos veciños! Deste pasatempo, non exento de certo risco, gardamos cantidade de anécdotas a cal máis xugosa que pertencen xa ao folklore popular do concello, e que imos lembrar aquí, incluíndo algunhas anécdotas aportadas por persoas alleas a este obradoiro de memoria.

O roubo da froita

O mellor era roubar nas hortas máis vixiadas que, naturalmente, adoitaban coincidir coas mellor provistas. Nun tempo no que non era posible adquirir a froita nas tendas como se fai na actualidade, era considerada manxar delicioso, moi apetecido por todos, e moi defendido polos afortunados propietarios das hortas ben fornecidas.

Compoñían as hortas as árbores do país: maceiras, pereiras, pexegueiros, parras de uva e, no Val de Moeche, cun microclima máis benigno, as cerdeiras, que polo S. Xoán, ofrecíanse, cargadiñas de cereixas, para facer as delicias de nenos e maiores. Eran árbores productivas, sen dúbida por ser propias da terra, e tamén porque, naqueles tempos, o inverno era inverno e o verán era verán. E na sucesión daquelas plácidas tardes longas e soleadas, ía madurando a froita ao ritmo sosegado e paciente da natureza, chegando a compoñer unha perfección de sabor e dozura que non é posible atopar hoxe en día.

En fin, o caso é que, anque en todas as casas había algunha árbore, había hortas grandes, algunhas ata cercadas de muro, cuxos propietarios, en tempo de colleita, as defendían contra vento e marea, como é lóxico. Algúns apresurábanse a lanzar avisos para navegantes, informando a quen os quixese escoitar, de que pasaban as noites en vela, vixiantes, e ás veces ata provistos de trabucos cós que defender a horta dos intrusos. Trataban así de disuadir aos posibles interesados para que non intentasen xa o que non ían poder conseguir. ¡Pero este convertíase precisamente no maior reclamo! E era xustamente nestas hortas nas que con máis afán e enxeño trataban os mozos de entrar, superando con creces o desafío ao apetito de saborear os seus froitos.

Lembra Toñito ter ido co resto da banda de amigos a roubar á horta de súa avoa, quen de boa gaña lle daría toda a froita que puidese desexar, e que sen dúbida levaría un gran desgusto se o chegase a saber. Pero ¿qué pode importar tal cousa a un rapaz novo? ¡Adrenalina correndo polas veas!, ¡Iso era o único que necesitábamos!

Lembramos como unha noite decidimos ir a roubar á horta dun home de Labacengos, de sono moi lixeiro, e que, fachendoso, alardeaba de defender moi ben a súa froita das pillarías dos rapaces, aos que xa sorprendera e puxera en fuxida en multitude de ocasións. Pancho (gran rapaz e de moi grato recordo para nós, por certo), como era uns anos maior, organizou a cousa ao seu xeito e dixo: “Vós ide collendo a froita tranquilos que eu quedo debaixo da ventá onde durme o dono e avísovos se se levanta”. E así fixeron, pero pasados uns momentos, Pancho deu un golpe forte e berrou, imitando a voz do propietario: “¿Qué facedes larpeiros?, ¡Pasade de aí que vos vou dar unha pasada coa vara...!”. ¡Saíron correndo en todas as direccións como ánimas que leva o demo!

As zocas que calzaba Alfredo non supoñían obstáculo algún para correr naquel momento de emerxencia, pero as súas pisadas, rápidas e fortes, ían delatando a súa traxectoria. Pancho escoitaba, e morto de risa, ía dicindo : “¡Xa vai Alfredo pola Ponte da Labarda!, ¡Pola canle da vía!, ¡Xa chegou ao Outeiro!” ... e así, ata que os ecos se perderon na distancia... porque xa chegara á casa.

¿E qué dicir daquela vez que nos metemos na horta tan ben coidada daquel veciño, que ademais alardeaba do moi vixiada que a tiña? Mentres foi cortar o pelo, entramos e, por deferencia a el, que era un veciño apreciado por nós, non lle roubamos as peras... ¡quedaron todas na pereira cunha boa trabada cada unha delas!.

E qué gracia recordar cando foron nunha ocasión un grupo de rapaces de Labacengos a roubar a froita nunha horta, con tan mala sorte, que os sorprendeu o dono, quen, á súa vez, foi sorprendido polos rapaces facendo as súas necesidades nun recuncho. O home levantouse e, cós pantalóns suxeitos cunha man, correu tras deles bramando ameazas. Os mozos fuxiron a tal velocidade polo medio duns regos plantados de repolo, que ao seu paso ían torcendo e descabezando as plantas, que quedaron na terra cal soldadiños, aliñados e decapitados, coas cabezas arrolando aos seus pés.



Foto cedida por Ermitas Fernández. Ermitas con amigas na festa de S. Ramón

Bromas ao Señor “Pepe”

Quén sabe por qué, xa que era persoa bondadosa, honesta e cabal –anque quizás un pouco excéntrico-, o señor Pepe (é un dicir) era home propenso a ser branco das bromas pesadas da xuventude da súa parroquia. As súas mazás eran as máis sabedoras, as súas peras e uvas as máis doces que se podían atopar, pois de todos eses manxares, era ao señor Pepe ao que máis gracia facía roubar. Pero o señor Pepe tiña os seus recursos... e xogaba forte. Tiña un trabuco e discorreu conectarlle o gatillo, mediante un cordel, ás pólas dunha das árbores, para que cando os mozos as movesen, a arma se disparase. Mentres tanto el permanecía vixiante, tras as cortinas da ventá que daba á horta, coa vista fixa ao menor movemento nas ramas das maceiras

Pero, ¡Ai!, os seus esforzos víanse sempre superados pola inesgotable enerxía dos mozos, cuxos enxeños, sumados, chegaban a formar unha mente mestra imposible de vencer. E así, en canto coñeceron a trampa, deron na idea de atar outra corda fina ás ramas, e, dende a ponte sobre a vía do tren, daban tiróns de tal xeito que a escopeta disparábase: ¡pam!, ¡pam!, unha vez tras outra, mentres o pobre señor Pepe, que se

botou fóra a toda presa, se preguntaba esmilagrado, ao pé da árbore, qué diaños estaba pasando.

O señor Pepe, si, tiña unha curiosa costume: nun encomiable xesto para favorecer a harmonía conxugal, adoitaba compartir coa súa muller o momento de executar augas maiores na horta... anque roñaban todo o tempo. Dado que vivían rodeados doutras casas, e xa se sabe que as silveiras non insonorizan dabondo, por aí se soubo que a súa muller lle recriminaba non terlle feito dunha boa vez unha cancela para o cortello dos porcos. Unha noite, en toda a veciñanza, desapareceron as cancelas de leiras e campeiros, onde pacían ovellas e cabras, e apareceron pola mañá no curral do señor Pepe, anque supoñemos que o asunto non deixou moi satisfeita á dona del, nin aos donos das cancelas, que tiveron que ir a recollelas á súa casa nos días seguintes.

A broma de roubar as cancelas debía resultar divertida dabondo, xa que os mozos non se cansaban de repetila. Cando se descubría aos autores, os pais trataban de reprendelos e castigalos. Pero algúns de nós lembramos moi ben cando o pai dun dos mozos bromistas comentou o feito có cura, e este díxolle: “Non castigues o rapaz nin fagas nada. Tí déixame a min.” E, si, falou el cós mozos culpables. Pola misa da festa de S. Ramón (tan concorrida), saíron todos a facer a procesión, cada un deles cunha cancela colgada dun ombro.



Foto cedida por Inés Tuimil. Inés en “Vespa” e zocas cunhas amigas.

Un foguete para “Belarmina”

Por outra banda, e cambiando de tema, sempre daba moito que ver e que comentar o feito de que un viúvo, viúva, ou calquera persoa solteira e non moi nova (naqueles tempos, calquera que pasara de trinta anos) gozara de amoríos, polo que os rapaces, sempre atentos ao seu deber, e resolutivos, non perdían ocasión de facerlles pagar a súa extemporánea felicidade con algunha burla ou broma pesada.

Lembramos cando Belarmina (é un dicir) de Labacengos, moza xa entradiña en anos, solteira, e moi beata, atopou por fin mozo e, con ledicia e orgullo, deixábase ver con el paseando por feiras e festas. Un día, varios rapaces espiaron pola ventá da cociña mentres moceaba có seu noivo, e cando viron que se abrazaban para bicarse, meteron un foguete polo furado do desaugue do vertedoiro. O foguete entrou para a cociña e estoupou dentro, sementando tal caos e confusión, e provocando tal susto, que o romance viuse truncado e a pobre Belarmina, anque moitos anos despois, morreu solteira, ¿e sabe Deus se foi por culpa do trauma do foguete!

Outras bromas pesadas

¿E logo cando nunha casa estaban facendo un pote de caldo na lareira e os rapaces subiron ao tellado e, polo burato da cheminea botáron un caldeiro de auga que caeu no pote, no lume e na indignada propietaria?

Ou cando aquel home de S. Xoán que viña có carro cargado de patacas que rematara de coller na leira e, pasando por diante da casa duns veciños mozos, estes saíron a saudalo e, mentres un deles falaba con el na dianteira, outro levantou a trampiña do carro disimuladamente, de tal xeito que cando o bo home chegou á casa non quedaba no vehículo nin unha soa pataca. Tivo que volver sobre os seus pasos e ir recolléndoas, unha por unha, ata conseguir recuperalas todas entre as risotadas dos bromistas.

Mais non lle foi permitido alporizarse demasiado, xa que, a dicir de todos, el era tamén, a pesar da súa idade, un bromista incorrizable que as gastaba ben gordas.

Tampouco queda atrás a ocorrencia, tan celebrada, daqueles rapaces que vendo que unha veciña que se ía casar aínda non tiña luz eléctrica na casa, e estaba desgustada porque desexaba tela en data tan sinalada, acordaron gastarlle unha broma. A noite da véspera do enlace, xuntáronse no muíño do Capillo, onde prepararon o material para facer unha “instalación” en toda a regra, con cables que eran fíos de estopa e lámpadas que eran carozos de millo de cor branco e encarnado, tan ben feita e tan ben posta, que se fora con material eléctrico, alumearía. Pola mañá cedo, un veciño que pasaba por alí, contemplou a instalación, digna dunha festa, e presenciou como o pai da noiva abría a ventá e dicía, cheo de asombro: *¡Ai, María, que temos luz!* Anque, pasado o primeiro momento de sorpresa, reparou no engano, e sentiuse con razón tan alporizado e ofendido, que ata deu parte da afronta no cuartel da Garda Civil.



Foto cedida por Emilia Cereijo. Emilia e amigos .

Envorcar carros, ¡qué gran diversión!

Tamén podía acontecer que os mozos, na súa preocupación sen descanso e o seu esforzo sen límite por poñer os asuntos no seu sitio e como manda Deus, considerando que tal ou cal casa non fixera o traballo como era debido, arranxasen prestamente, e ao seu xeito, o problema. Así, non era infrecuente que carros de braña que quedaban pola noite sen descargar, aparecesen pola mañá envorcados e coas rodas arriba. Esta broma de envorcar os carros, ou levalos a outro sitio, por exemplo, atravesados no medio dun camiño, ou ata da estrada, coñécese que era moi divertida, xa que era unha falcatruada frecuente. E custoulle cara a un rapaz que, cando quixo marchar para o estranxeiro, non puido facelo por ter unha pequena mancha no seu expediente penal, pola pequena falta de ter participado nunha broma deste tipo que fora denunciada pola vítima e investigada pola Garda Civil.

Lembra un de nós, medio sorrinte e medio arrepentido, que sendo mociño volvía cun amigo a altas horas da madrugada dunha festa aló por terras de Ferreira, e atoparon á veira do camiño un carro cargado ata os topes de leña. Parecía estar dicindo: “envórcame”. E envorcárono. Proseguiron o seu camiño, e un pouco máis adiante, topáronse cuns veciños que traían un par de vacas pola corda. Saudáronse, e preguntáronlles, sorprendidos, a onde ían cós animais a aquelas horas. Os veciños informáronos de que ían xunguir as vacas a un carro de leña que agardaba máis adiante para levalo ata Ferrol. Eles miráronse e non dixeron nada, pero proseguiron o camiño e ao pensar no arduo traballo que agardaba aos homes, e no longo traxecto que seguiría despois, lamentaron sinceramente o mal feito.

Outras veces acontecía que, cando unha familia se atrasaba, por exemplo, en sementar o millo, se atopaba pola mañá con que a grade, ou o gradón, ou outros apeiros

de labranza, se encontraban misteriosamente desaparecidos dos alpendres e, cando ían ver, convenientemente dispostos na leira.

Máis, por desgracia, tales dilixentes preocupacións dos mozos xamais eran suficientemente recoñecidas polos “desagradecidos beneficiarios”. Pero eles nunca se desanimaron e, baixo a súa mirada vixiante, as aldeas proseguiron placidamente en buliciosa actividade por xeracións e xeracións... ata estas últimas, nas que, coa chegada das modernas diversións, a caída en picado da poboación xuvenil, e os traballos nas actividades da actualidade que arrastraron á mocidade cara ás cidades, se perdeu a forza da banda, o espírito da unión veciñal... e as bromas pesadas.